

ETSAC

MUA

2022-23

MUA / MÁSTER UNIVERSITARIO EN ARQUITECTURA / ETSAC CURSO 2022-23
TEMÁTICA
O FOGAR PÚBLICO.

3 lugares para Cociñar, Asearse e Conversar. É dicir, as arquitecturas de 3 espazos e edificios públicos entorno á Comida, o Baño e a Reunión.


En definitiva, 3 proxectos nos que a COCIÑA, os BAÑOS e a SALA esténdense á cidade. O equipamento máis doméstico. A cidade como casa. En todos eles, propoñendo a interacción coa AUGA: as marxes do RÍO, a BEIRA e o LÍMITE CAMBIANTE.

ÁMBITOS

PONTEVEDRA. O Burgo norte + Moureira-Gafos-Maresco











OBXECTIVO

Proxectar 3 espazos para 3 funcións básicas, domésticas e presentes no día a día (cotiás) que deben ser revisadas dende o público como espazos esenciais para a socialización. A revisión do concepto de fogar a través da cidade. A capacidade do urbano de xerar lugares para a vida das persoas atendendo a 3 necesidades elementais: xantar, bañarse e reunirse.

1 XANTAR

Un espazo para a socialización (integración) a través da comida. Cociñar / Comer. A comida interpreta o territorio e permite a supervivencia. Explica o ciclo vida-natureza-morte. Un lugar quente público, para unha comunidade. A calor na cidade como lugar para estar. O ritual de xantar como algo sagrado. A celebración. A catedral con chemineas. Deseñar unha boa cociña e un bo comedor. Unha Sociedade entorno á cociña demanda espazos para las instalacións, servizos, almacenar, cultivar, ter animais... pero tamén, espazos para os nenos e para estar antes e despois de xantar. O entorno do río Gafos e o Lérez, incluso a finca de Marescot, coas súas hortas e espazos de cultivo e verdes, parece un lugar moi interesante para o seu desenvolvemento. Algunhas cuestións de proximidade: a cociña de Pepe Solla ou escritos como La comida en la arquitectura de Rafael Cubillo. Tamén traballos de autores clásicos como El espacio culinario de Espinet, ou os de Cunqueiro e Otero Pedrayo. E curiosidades como a do artista Matta-Clark coa súa visión do cociñar ao aire e en Food; a do colectivo Ali&Cia, que recrea cidades para despois fagocitalas (urbanofaxia); ou o colectivo Eixarcolant que realizan showcooking silvestres para cociñar pratos coas malas herbas que crecen no espazo urbano... E moita tradición e arquitectura contemporánea que tamén ten reflexionado sobre o tema.


2 BAÑARSE

Un espazo para o baño. O ritual do baño, outra socialización. Mollar / Secar. Tamén relaxarse na auga, condición saudable e de limpeza. A superficie de contacto que contén a auga, as formas que a canalizan, a profundidade. A gravidade e as posibilidades de integración de elementos que forman parte da natureza: auga e vexetación coas que interaciona o urbano. O lugar que ocupan as cousas no percorrido de aproximación á auga, ou na súa retirada. Húmido / Seco. As partes dunha arquitectura que recolle fluxos e remansos. O rito e a secuencia. O baño dentro o fóra. A dinámica dun espazo cambiante afectado polo percorrido da marea. Batente, mallante. O horario, a orientación e o tempo. Anque sexa sobre o baño interior, a tese El baño como arquitectura sensorial de Pilar Serratosa. Tamén proximidades, como Habitar el agua de Amado e Patiño, ou a investigación Arquitectura Límite do MUV. Multitude de exemplos que o trataron, dende Louis I. Kahn a Peter Zumtor. Algunhas cerca, como as de Siza ou Martínez Sierra, tradicionais, caldas, termas, etc.

3 REUNIRSE

Un espazo para reunirse e conversar. Falar / escoitar. A Sala. O Teatro na cidade. De pequena escala e asociado a un espazo público. Un espazo para o intercambio de opinión e coñecemento. A cidade ten fermosos lugares. Sentarse e observar a carón do río. Tamén Pasear e conversar como tema recorrente no urbano. Pontevedra é unha cidade que o promove e facilita. Pero isto non se dá ao outro lado do río, a marxe norte do Lérez, onde hai grandes equipamentos, moitos e variados: a universidade, o recinto feiral, o pazo da cultura, os macro aparcamentos... Sen embargo, é unha fachada que mira ao sur, ben orientada e soleada, onde o tecido miúdo, da pequena escala das cousas ten desaparecido case por completo. Entre Ponte do Burgo e Ponte de Santiago hai unha oportunidade de intervir sobre as explanadas de aparcamento e interactuar co río. Recordamos arquitecturas como The Globe, ao lado do Támesis, ou o flotante Teatro del Mondo de Rossi. E tantos outros exemplos: Teatro Oficina de Bo Bardi, Experimental de Maiakovsky, Total de Gropius, La Fenice, Sala Becket, A Nasa, Lliure.. Tamén traballos de investigación sobre o teatro e a escena como os de Laura Requena ou Juan Prieto. E abundante bibliografía, nas que aparecen reflexións espaciais relacionadas como as de Alain Badiou o Peter Brook.

Despois dun tempo obrigados a utilizar a casa con pel de cidade, pensamos chegou o momento de volver a considerar as posibilidades que a cidade ten como casa colectiva, capaz de acoller tamén, como xa fixo en moitas ocasións ao longo da historia, as actividades máis domésticas.



I XANTAR

RECINTO PARA FEIRAS

GASTRONÓMICAS E CENTRO DE INVESTIGACIÓN CULINARIO

A COMIDA como acto social, a reunión

A COMIDA como preparación e elaboración

A COMIDA como investigación, a transformación e a combinación

A COMIDA como exposición

A COMIDA como cultura, arte e historia

A COMIDA como necesidade

A COMIDA como desfrute

A COMIDA como duración, o tempo

A COMIDA como unión entre Campo e Cidade

A COMIDA como procesamento, a economía circular

O lugar

O espazo aberto. A campa, o mercado, a eira, a praza, a rúa

O espazo cuberto. A carpa, o salón, a casa de comidas, o restaurante

O tempo. A duración. As horas do día

As estacións. O clima. As datas e a celebración.

O cociñar

Cociñar e xantar. Cociñar e aprender

Cociñar e experimentar. A comida

O acto. A degustación. O tempo

As partes

A liturxia do XANTAR, os protocolos

O APERITIVO. O inicio, o encontro, as presentacións, a espera, os previos

A COMIDA. Primeiro prato, segundo prato e a sobremesa. A degustación, o debate, os gustos e os contragustos

A SOBREMESA . A conversación, o tempo dilatado, as verdades e os recordos, o

segredo

A DESPEDIDA. O final da presente e o futuro de la seguinte. Os instrumentos, os medios. O acubillo. O básico I

O lume e a auga. O básico II

O almacenaxe. Transporte, almacenamento e conservación

O mobiliario. O moble-móbil, o moble-espazo. O enxoval. A vaixela, o xogo de cubertos, os manteis

As formas de xantar

O DOMÉSTICO. A familia. O espazo, a mesa, a bancada ou as cadeiras

A FEIRA . O grupo e o social. A exposición e o acto social

O STREET COKING . A sorpresa. O NON-ESPAZO. Mobilidade e diversidade

Os FOODTRUCKS . O posto móbil. O movemento, a ubicuidade

O THEATER FOOD . A re utilización de espazos, o uso mixto

O HAPPENNING . O espontáneo e a anécdota

O LABORATORIO . A idea, a investigación, a evolución do xantar. O produto

O mercado, o supermercado. O local. A horta propia ou a comunal; a ribeira, o mar. A foránea. A incorporación do alleo. Mestura e diversidade

A conservación. Cultura e técnica

A reciclaxe

OS PROCESOS SOLAPADOS

Os actos, os procesos, a investigación, os usos e os espazos

PROCESO A

A COMIDA como PROCESO PRODUTIVO

A horta

-Cultivar, recolectar

-Pescar, mariscar

-Conservar

-Procesar

-Xantar

-Reciclar

PROCESO B

A COMIDA como ACTO

A feira

-Chegar

-Reunirse

-Xantar

-Despedirse

PROCESO C

A COMIDA como INVESTIGACIÓN

O Centro de Investigación

-Cultivar

-Conservar

-Experimental/Transformar

-Aprender

-Ensinar

-Xantar

-Divulgar

PROCESO D

A COMIDA e seus ESPAZOS

O acubillo

-O Espazo aberto

-O Espazo cuberto

-O Espazo intermedio



O PROGRAMA DE USOS, NECESIDADES E ESPAZOS

A - ESPAZOS COMÚNS

1 - Espazos comúns de uso continuado

A Produción. O cultivo, a recolección e a pesca de ribeira

-A horta (a terra) e a ribeira (o mar) .

Espazos exteriores varios . 500 m2

-Alpéndres para aparellos e ferramentas.
2×20 m2

-Aseos e vestiarios . 2×12 m2

m2 útiles . 64 m2

m2 construídos . 86 m2.

m2 hortas, árbores . 500 m2

O Almacenaxe, a conservación e a venda

-A Tenda . 50 m2 (40 m2 + 10 m2 de almacén propio)

-A Taberna . 50 m2 (40 m2 + 10 m2 de almacén) cuberto + 150 m2 de terraza

-Almacenes xerais. 3×25 m2

-Cámaras de conservación xerais. 3×15 m2 (verduras, carne e peixe)

-Adega . 12 m2

-Área de reciclaxe e compostaxe . 15 m2

-Vasoiras . 20 m2

m2 útiles . 267 m2.

m2 construídos . 410 m2.

m2 terraza aberta . 150 m2

Aparcamento e instalacións

-Aparcamento limitado de uso interno, Carga e descarga . 250 m2 (10/15 coches/camionetas)

-Instalacións . 50 m2

m2 útiles . 50 m2

m2 construídos . 65 m2

m2 aparcamento cuberto/descuberto . 250 m2

2 - Espazos comúns de uso eventual

A Reunión

-Espazo cuberto xeral, a carpa, a estrutura aberta . 2.000 m2 (capacidade para 1.000-1.500 pers.)

-A Carballeira, o espazo aberto para feira ou mostras . 5.000 m2 (espazo aberto para 2.000-3.000 pers.)

-Merendeiro, con espazos para o lume e bancadas estables . 500 m2

-Aseos . 2×20 m2

-Almacén . 60 m2

m2 útiles . 100 m2

m2 construídos . 155 m2

m2 aberto cuberto . 2.000 m2

m2 aberto no cuberto . 5.500 m2

A Elaboración

Edificio de cociñas públicas

-Vestíbulo común . 30 m2

-Cociñas públicas . 3×25 m2

-Oficio . 3×20 m2 (uno por cocina)

-Comedores . 3×50 m2 (un por cociña e agrupables)

-Almacén e despensas . 3×10m2 (un por cociña)

-Vestiarios . 2×12 m2

-Instalacións . 20 m2

m2 útiles . 390 m2

m2 construídos . 600 m2

B - ESPAZOS DE INVESTIGACIÓN E EXPOSICIÓN

A Investigación . Centro de Investigación Culinaria e Exposición

B1 - A Exposición

-Vestíbulo . 150 m2

-Sala de exposicións . 350 m2

-Almacén . 50 m2

-Aseos . 2×12 m2

m2 útiles . 574 m2

m2 construídos . 650 m2

B2 - O Centro

-Vestíbulo . 50 m2 (pode ser independente ou compartido co módulo da exposición B1)

-Dirección . 60 m2 (despacho dirección 15 m2, despachos 2×14 m2, oficina 15 m2)

-Arquivo . 15 m2

-A cociña-laboratorio . 2×30 m2

-Despensa . 2×12 m2

-Cámaras . 3×6 m2 (verduras, carne e peixe)

-Aulas . 3×30 m2

-Sala de reunións . 2×25 m2

-Biblioteca . 60 m2

-Almacén . 20 m2

-Aseos . 2×12 m2

-Cuarto de instalacións . 40 m2

-Sala de actos+comedor eventos e degustación invitados . 250 m2

m2 útiles . 761 m2

m2 construídos . 1.180 m2

Total superficies do programa:

Superficie construída total: 3.116 m2



Superficie de espazos exteriores cubertos:

2.400 m2

Superficie de espazos exteriores no cubertos: 6.000 m2

Superficie total da área de intervención:
12.500 m2





2 BAÑARSE

A AUGA

Enfoques

biolóxico	mantemento vital limpeza curación
produtivo	canles presas portos purificación
ritual	bautismo deidades da auga
lúdico	mirar flotar somerxerse

A AUGA

Condicionante de formas de vida

- moi abundante
- moi escasa

A AUGA

- recóndita
- carácter sagrado
- xeradora de arquitecturas singulares

A AUGA

- en movemento son, ritmos
- a xeometría mantense e a auga avanza en calma reflexos, uniformidade
- A xeometría varía e a auga permanece estática

A AUGA

- acondicionadora dos asentamentos humanos

A AUGA

- domesticada
- canalizada regadío
- navegación
- represada
- cultivos

- enerxía
- delimitada
- portos
- estanques

A AUGA

- sagrada
- rituais purificación
- iniciación
- renovación

A AUGA

- como mero gozo estético
- como terapia curadora
- como elemento lúdico

A AUGA

que nos transforma durante un tempo ao facer que esquezamos o noso Medio Natural e as súas rutinas...ou non. Quizais nos devolva a el.


A AUGA



como complemento de tantas arquitecturas. Timidamente ou cun papel dominante.


No ámbito existente entre o Palacio de Congresos, Recinto Feiral e o río Lérez propónse unha arquitectura destinada ao uso e disfrute da auga.



“..propoñemos una volta a os orixes, aqueles nos que a auga era considerada milagrosa curadora nas costas gregas de Sibarís, ou na Baía Romana ou nas fértiles praias de Dieppe para a monarquía europea, ata chegar os inicios do pasado século cos baños de Ola de Santander, os palafitos do mar de Alicante e as casas de baños de todas as cidades

O programa de necesidades de este Centro é o seguinte:	Vaso de regulación, depuración, filtro	800m ²
AREA DE ENTRADA	360m ²	Caldeira, bomba de calor, depósitos,
Vestibulo	130m ²	600m ²
Recepción e Control 10+10	20m ²	Climatizadoras,
Administración e Dirección 15+15	50m ²	200m ²
Cafetería Sala de lectura	120m ²	SUPERFICIE CONSTRUÍDA
Aseos 20+20	40m ²	2535m ²
AREA DE USUARIOS	500m ²	
Vestuarios con cabinas-filtro e taquillas		
Aseos con duchas, inodoros e lavabos		
Distribuidor e circulacións		
AREA POLIVALENTE	125m ²	
Aulas de Ioga, Pilates, Rehabilitación etc		
2x50	100m ²	
Almacén	25m ²	
AREA DE AUGA	600m ²	
Vasos especiais con chorros, setas, etc	250m ²	
Praias perimetrais de relax, descanso,...	200m ²	
Vaso con auga a 40º	20m ²	ÁREAS EXTERIORES
Vaso con auga a 30º	20m ²	-Piscinas exteriores e láminas de auga de carácter lúdico e deportivo; exentas, en cuberta, no río, ...
Vaso con auga a 17º	20m ²	
Sauna seca 2 x 10	20m ²	
Sauna húmida 2 x 10	20m ²	-Xardíns e estancias exteriores con especial atención ao contacto da intervención co río.
Masaxes 5 x 10	50m ²	
AREA DE PERSONAL	150m ²	
Vestuarios 15+15	30m ²	-Posibilidade de propor pequenos embarcadoiros e puntos de atraque.
Aseos con duchas, inodoros e lavabos		
10+10	20m ²	-Solución para os aparcamentos existentes, reordenando a circulación, posibilitando novas solucións de borde.
Distribuidor e circulacións	30m ²	
Fisioterapeuta - Socorrista	20m ²	
Enfermería	20m ²	Nunha zona sensible con problemas non resoltos provocados por grandes equipamentos, a proposta estará atenta a resolver conflitos xerando unha nova imaxe de cidade neste tramo do río.
Limpeza	10m ²	
Almacén (oficio limpio/sucio)	20m ²	
AREA DE INSTALACIÓNS .acceso indep .	600m ²	









3 REUNIRSE

TEATRO

En continuidade co plano en que se sitúan o Pazo da Cultura e o Recinto Feiral de Pontevedra, entre a ponte peonil do Burgo e a ponte de Santiago que atravesa a N550, entre o Pavillón de Deportes de Alejandro de la Sota e o río Lérez... un 'entre' ocupado actualmente por un uso masivo de aparcamento.

Reafirmando está condición inquietante del lugar, propónse como tema de TFM unha arquitectura que despregue uns espazos de encontro e de creación teatral, atendendo especialmente á condición do teatral que se axita 'entre' o establecido e o subversivo.

Espazos escénicos diversos que permitan o discurso literario e a acción teatral. Escenarios urbanos do cotián cidadán alterados pola activación espectacular da ficción e que busquen a integración nestes ambientes coa presenza do río Lérez. Un dispositivo teatral cunha formulación aberta, versátil; que ofrezca un conxunto de salas que dan soporte -espacial e técnico- ás diferentes etapas e variacións da experimentación artística interdisciplinar e da creación escénica. Laboratorios para a construción da acción escénica:

Con capacidade para establecer diferentes configuracións da relación entre escena e público. Dende as disposicións tradicionais máis delimitadas, ata outro tipo de relacións contemporáneas máis inestables,

de participación máis activa.

Con posibilidade de regular as súas condicións ambientais e de alterar as súas continuidades ou discontinuidades entre salas e co exterior.

PROGRAMA DE REFERENCIA

-SALA PRINCIPAL _aforo aprox. 400 pers. 750m2

(posibilidade de división en dúas salas, almacén de sala)

-Acceso Material, peirao de descarga, montacargas/plataforma, talleres 150m2

-Camerinos _aprox.10 pers. 120m2

(aseos, duchas, vestiarios, armarios) -3 ESTUDIOS de ENSAIO 600m2

+ Almacéns + Aulas de Teoría -Aseos público (distribuídos no conxunto) 75m2

-Taquilla (control, xestión, arquivo, comunicación/prensa). 75m2

-Dirección/Oficina. 50m2

-Bar (office-bar, aseos, residuos). 200m2

-Vestíbulo, circulacións, ...

A máquina teatral > cabinas de control e gravación, proxección, galerías técnicas, vestiarios, cuartos de instalacións, ...

**SUPERFICIE TOTAL APROXIMADA
3000m224**

No 510 a. C., ao final do goberno da tiranía, case todas as palabras coas que os homes tiñan que dirixirse á audiencia podían ser pronunciadas no ágora. Cara o 400 a. C., cando a democracia quedara establecida de maneira duradeira en Atenas e vencidas as tentacións de recaer na tiranía, os espazos para facer uso da palabra dispersáranse cara outras partes da cidade. A mediados do século v, o ágora deixou de ser un centro para o drama. No ágora antiga, a cidade levantou efémeras construcións de madeira na orquestra ao aire libre cando eran representadas as novas obras de teatro. A mediados do século v estas construcións de madeira viñéronse abaixo durante un dos festivais anuais e no seu lugar foi escavado un teatro duradeiro na ladeira sur da Acrópole, un teatro cos asentos dispostos nunha concavidade en cuxa base actuaban os danzaríns e os actores. Durante o mesmo período, boa parte da música interpretada ao aire libre no ágora desprazouse ó Odeón, un edificio con teito dedicado aos certames musicais. O ágora non entrou en decadencia, senón que continuou enchéndose de stoas e templos. A asemblea dos cidadáns continuou reuníndose no ágora para decidir o ostracismo; os tribunais de xustiza seguiron cheos de xente; as rúas que daban ao ágora experimentaron unha expansión como mercado central. Pero naquel momento o ágora xa non era o espazo dominante da voz. A súa diversidade especialmente xa non coincidía plenamente coa voz do poder.

Os primeiros teatros gregos eran sinxelamente outeiros nos que só era necesario construír terrazas a fin de proporcionar á xente un lugar no que sentarse para ver a bailaríns, poetas ou atletas. Nesa posición, o que sucede diante dunha persoa importa moito máis que o que acontece a seu lado ou detrás. Orixinalmente, os asentos das terrazas eran bancos de madeira, pero o teatro evolucionou ata converterse nun sistema de amplos corredores que separaban franxas máis estreitas de asentos de pedra. Este feito facilitou que a xente non molestara aos demais coas súas idas e vidas, e que a atención do espectador puidera centrarse no plano frontal. A palabra «teatro» deriva do termo grego *zeatron*, que en tradución literal pode ser vertida como «un lugar para ver». Un *zeoros* é tamén un embaixador, e un teatro é certamente unha sorte de embaixada a partir da cal tráese unha historia doutro tempo ao lugar, aos ollos e oídos dos espectadores.

Nun teatro ao aire libre, a orquestra, o escenario para a danza, consistía nun círculo de terra apisoada na base do abanico de asentos; co tempo os arquitectos desenvolveron detrás da mesma un muro chamado *escena* (*skene*), orixinalmente confeccionado con tea, despois con madeira e posteriormente con pedra. Na época de Pericles a acción dunha obra teatral desenvolvíase ante a escena de tea ou de madeira, mentres os actores preparábanse detrás da mesma. A escena axudaba a proxectar a voz, pero era a disposición dos asentos o que incrementaba a súa potencia...





Escola Técnica Superior de Arquitectura
Campus Universitario de A Zapateira, s/n. 15071.
A Coruña